



PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO DA LEI 10/2017, DO 27 DE DECEMBRO, DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS DE GALICIA

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos, consonte o establecido na Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, que mantén a reserva para o Estado das competencias relativas á seguridade pública e a facultade de ditar normas que regulen os espectáculos taurinos. A materia de espectáculos públicos abrangue as actividades recreativas, tal e como sinalou o Tribunal Constitucional no Auto 46/2001, do 27 de febreiro.

Para o pleno exercicio desta competencia, o Real decreto 1640/1996, do 5 de xullo, regula o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia na dita materia, e mediante o Decreto 336/1996, do 13 de setembro, asumíronse as funcións e os servizos transferidos.

Con base na devandita atribución competencial, promulgouse a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. A disposición derradeira quinta recolle a habilitación para o desenvolvemento regulamentario da lei. Ao abeiro desa habilitación, este proxecto de decreto pretende darlle resposta á reivindicación dos sectores implicados que teñen posto



de relevo a necesidade da aprobación dun Regulamento que estableza unha regulación daqueles aspectos que, pola súa especificidade, non tiñan o seu axeitado encaixe nunha norma de rango legal.

Así mesmo, coa aprobación do novo Decreto preténdese dispoñer dunha normativa regulamentaria específica, que facilite as funcións dos operadores técnicos e xurídicos municipais e, ao mesmo tempo, que as persoas interesadas poidan acadar unha máis sinxela e áxil resolución dos seus procedementos.

O proxecto de decreto está estruturado en catro títulos, que comprenden cincuenta e dous artigos e dúas disposicións derradeiras.

O título I, baixo a denominación de disposicións xerais, está composto por dous capítulos. O primeiro deles dedícase ao obxecto, ámbito de aplicación e exclusións. O capítulo II regula os requisitos e condicións dos espectáculos públicos, das actividades recreativas e dos establecementos ou espazos abertos ao público en que se celebren. Pola súa vez, este capítulo II divídese en cinco seccións nas que se regulan, respectivamente, as condicións de carácter xeral (Sección primeira), as instalacións portátiles ou desmontables (Sección segunda), as atraccións itinerantes de feira (Sección terceira), o réxime de seguros dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (Sección cuarta) e, finalmente, a asistencia sanitaria e dispositivos de vixilancia (Sección quinta).

O título II, que regula os aspectos xerais da organización e do desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, divídese en catro capítulos. No primeiro régulanse as condicións de admisión e permanencia. O capítulo II



recolle unha remisión á norma reguladora dos horarios vixente na actualidade. No capítulo III establécese a regulación das entradas. O capítulo IV dedícase á información e publicidade.

O título III regula o Rexistro de empresas e establecementos, mentres que o título IV dedícase ao Rexistro de infracción e sancións e remite á unha orde da consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas para a determinación da súa organización e funcionamento.

Polo que atinxe á parte final do decreto: a disposición derradeira primeira recolle a habilitación normativa, mentres que a disposición derradeira segunda fai referencia á entrada en vigor da norma.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co/oído o/ Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día _____,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I



Obxecto, ámbito de aplicación e exclusións

Artigo 1. Obxecto

1. Este decreto ten por obxecto a aprobación, no marco do desenvolvemento normativo da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, dun regulamento que estableza unha regulación daqueles aspectos que, pola súa especificidade, non tiñan o seu axeitado encaixe nunha norma de rango legal.

2. Constitúe, así mesmo, o obxecto deste decreto dispoñer dunha normativa regulamentaria específica que facilite as funcións dos operadores técnicos e xurídicos municipais e, ao mesmo tempo, que as persoas interesadas poidan acadar unha máis sinxela e áxil resolución dos seus procedementos.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Este decreto será de aplicación a todo tipo de espectáculos públicos e actividades recreativas incluídos no ámbito de aplicación da Lei 10/2017, do 27 de decembro, e aos establecementos e espazos abertos ao público en que se celebren, de conformidade coa clasificación, denominación e definición que se establece no catálogo que se insire como anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.



2. As disposicións establecidas neste regulamento aplicaranse sen prexuízo da normativa sectorial que, de ser o caso, resulte aplicable.

3. Este regulamento terá carácter supletorio respecto das disposicións específicas xa xurdidas do desenvolvemento da Lei 10/2017, do 27 de decembro, que resulten de aplicación a todos ou a algúns dos establecementos e espazos abertos ao público, espectáculos públicos ou actividades recreativas comprendidos no seu ámbito.

Artigo 3. *Exclusións*

Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste regulamento os actos, as celebracións e as actividades aos que se refire o artigo 2.2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro.

CAPÍTULO II

Requisitos e condicións dos espectáculos públicos, das actividades recreativas e dos establecementos ou espazos abertos ao público en que se celebren

Sección primeira.- Condicións de carácter xeral

Artigo 4. *Condicións técnicas e de seguridade*

1. Os establecementos ou espazos abertos ao público, os espectáculos públicos e as actividades recreativas incluídos no ámbito de aplicación deste decreto deberán



reunir as condicións técnicas e de seguridade establecidas no artigo 7 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, así como na normativa técnica que resulte aplicable, sen prexuízo das disposicións específicas recollidas neste regulamento ou das que poidan ditar os concellos no ámbito das súas competencias.

2. Para os efectos do disposto na Lei 10/2017, do 27 de decembro, considérase técnico competente ao técnico que estea en posesión de calquera das titulacións académicas e profesionais de grao superior habilitantes para a produción de espectáculos.

Nos supostos en que o espectáculo público, a actividade recreativa ou o establecemento aberto ao público requira proxecto técnico segundo o establecido na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, entenderase por técnico competente ao técnico que estea en posesión de calquera das titulacións académicas e profesionais habilitantes para a redacción de proxectos consonte o disposto na dita normativa ou para a subscrición de certificados segundo a normativa específica de aplicación, ou que, sen posuír as titulacións académicas anteriores, teñan acreditado a cualificación profesional necesaria para subscribir certificacións consonte a normativa técnica que resulte aplicable en cada caso”.

Sección segunda.- Instalacións portátiles ou desmontables

Artigo 5. Instalacións portátiles ou desmontables non dedicadas a albergar público



1. As instalacións portátiles ou desmontables non dedicadas a albergar público estarán sometidas, con carácter xeral, ao réxime de declaración responsable do artigo 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, agás que, polas súas especiais características, precisen a obtención da licenza ou autorización prevista no art. 41 da lei citada.

2. A declaración responsable debe reunir os datos exixidos no artigo 40.2. a) da Lei 9/2013, do 19 de decembro, e achegar a documentación referida nas letras b) e c) do mesmo artigo 40.2.

3. No suposto de escenarios, tablaos ou semellantes de menos de 60 metros cadrados de superficie e dunha altura non superior a 0,50 metros, non será necesario achegar a documentación exixida nos apartados 2º, 5º e 6º do artigo 40.2.b) nin nos apartados 1º e 2º do artigo 40.2.c).

4. No caso das atraccións de feira ás que non acceda público, tales como casetas de tiro con arco, tómbolas, máquinas automáticas ou postos de expedición de produtos e semellantes, non será necesario achegar a documentación exixida nos apartados 2º, 5º e 6º do artigo 40.2.b) nin nos apartados 1º e 3º do artigo 40.2.c). Nestes supostos só será exixible a certificación de finalización da instalación ou montaxe subscrita pola persoa responsable da súa realización.

Artigo 6. Instalacións portátiles ou desmontables dedicadas a albergar público



1. As instalacións portátiles ou desmontables dedicadas a albergar público estarán sometidas, con carácter xeral, ao réxime de declaración responsable do artigo 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, agás que, polas súas especiais características, precisen a obtención da licenza ou autorización prevista no art. 41 da lei citada.

2. A declaración responsable debe reunir os datos esixidos no artigo 40.2. a) da lei 9/2013, do 19 de decembro, e achegar a documentación referida na letra b) do mesmo artigo 40.2.

3. Estas instalacións, con independencia de que estean situadas nun establecemento ou nun espazo aberto ao público, deben cumprir as exixencias de seguridade ás que se refire o artigo 7 da Lei 10/2017, do 27 de decembro. Nomeadamente, deben cumprir as exixencias seguintes:

a) As medidas de seguridade para o público asistente determinadas na normativa vixente en materia de seguridade de establecementos abertos ao público. Corresponde aos concellos determinar, segundo a tipoloxía do establecemento, cales son as medidas de seguridade específicas que se deben cumprir.

b) As previsións da norma UNE-EN 13782:2016 – Estruturas temporais. Carpas. Seguridade, así como da norma UNE-EN 13200-6:2013. Instalacións para espectadores. Parte relativa ás gradas temporais desmontables, ou normas que as substitúan.

c) As medidas previstas en materia de evacuación no Documento Básico de Seguridade no caso de Incendio (DB-SI) e no apartado de accesibilidade do



Documento Básico de Seguridade de utilización e accesibilidade (DB-SUA) naquelas instalacións portátiles ou desmontables que estean cerradas polo menos nos 2/3 do seu perímetro e naquelas outras que, tendo un perímetro acoutado menor de 2/3 e maior de 1/2, teñan unha superficie de polo menos 2.500 metros cadrados.

d) Cando, polas características específicas da actividade, as saídas estean conformadas por unha apertura na propia lona ou entoldado vertical de pechamento, esta deberá quedar sinalizada, dispoñer dun sistema rápido de enrolado e recollida e estar exento no oco do paso de calquera elemento vertical sustentante, así como de calquera tipo de soporte horizontal que supoña unha diferenza de nivel e poida consistir nunha barreira para as persoas con discapacidade. En calquera caso, os ditos pasos disporán, en todo momento, de persoal que facilite a apertura e reconduza a evacuación do público.

e) Ter un plan de autoprotección e un plan de emerxencia cando así o exixa a normativa de aplicación.

4. A declaración responsable deste tipo de instalacións debe presentarse no organismo competente para a súa recepción e comprobación cunha antelación mínima de 2 días hábiles anteriores ao inicio da súa instalación ou montaxe.

5. Concluída a instalación e antes da súa posta en funcionamento, o solicitante deberá presentar a certificación de instalación ou montaxe subscrita por técnico competente ou por unha entidade de certificación de conformidade municipal



(ECCOM), na que se acredite que as instalacións reúnen as medidas necesarias de seguridade e solidez de todos os seus elementos.

Sección terceira.- Atraccións itinerantes de feira

Artigo 7. *Requisitos de documentación*

1. Con carácter xeral, as atraccións itinerantes de feira estarán sometidas ao réxime de declaración responsable previsto no artigo 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, agás que, polas súas especiais características, poida encaixarse nalgún dos supostos excepcionais do artigo 41 da lei citada.

2. A declaración responsable debe reunir os datos esixidos no artigo 40.2. a) da Lei 9/2013, do 19 de decembro, e achegar a documentación referida no artigo 40.2. b) e c) da dita lei.

3. O proxecto e documentación técnica a que se refire o apartado 2º do artigo 40.2.b) deberá incorporar os documentos seguintes:

a) O proxecto da atracción que recolla a información necesaria para a realización das inspeccións e verificacións de montaxe e das probas de funcionamento e, como mínimo, os puntos de control, as tolerancias admisibles, as velocidades máximas, os límites de idade, a altura e o peso permitido ás persoas usuarias.

b) O manual de funcionamento que incorpore instrucións comprensibles, en galego ou en castelán, relativas á montaxe, o funcionamento e o mantemento. Tamén debe



recoller os requirimentos de cualificación do persoal de montaxe, funcionamento e mantemento.

c) O libro de operacións que identifique con claridade a atracción e conteña os datos sobre a data de construción, a data de adquisición, o historial das reparacións efectuadas, as modificacións e as inspeccións realizadas.

Artigo 8. *Requisitos técnicos*

As atraccións itinerantes de feira deberán cumprir os requisitos exixidos pola normativa específica de aplicación e, en concreto, deberán cumprir a Norma UNE-EN 13814:2006 “Maquinaria e estruturas para parques e feiras de atraccións. Seguridade, a Norma UNE-EN 14960:2014 “Equipos de xogo inchables. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio”, e a Norma UNE-EN 13782:2016 “Estruturas temporais. Carpas. Seguridade”.

Artigo 9. Actuacións de inspección e comprobación

As actuacións de inspección e comprobación das atraccións itinerantes de feira, tanto sexan realizadas por técnicos competentes de carácter privado como polas entidades de certificación de conformidade municipal ou pola propia administración, abranguerán os campos seguintes:

a) Revisión da solidez e seguridade estrutural da instalación. Esta actuación comprende, como mínimo e entre outros aspectos, os seguintes: a supervisión da montaxe e o estado de conservación dos elementos, a solidez e a estabilidade dos



elementos colgados e decorados, o correcto funcionamento e o estado dos sistemas de contención de pasaxeiros, as condicións xeométricas de ramplas e varandas e focos e elementos de iluminación.

b) Revisión de instalacións. Esta actuación comprende, como mínimo e entre outros aspectos, os seguintes:

1º) A revisión da instalación eléctrica na súa totalidade, empregando os equipos específicos para a comprobación do funcionamento de interruptores diferenciais e o nivel de illamento das alíneas principais de alimentación. A inspección complementarase cunha revisión das condicións da montaxe do cableado, conexións e equipos autónomos.

2º) A revisión do sistema hidráulico e pneumático, por medio dunha inspección visual dos circuitos pneumáticos e hidráulicos para comprobar a instalación, co obxecto de detectar posibles puntos de fuga ou deterioracións nela.

3º) A revisión do sistema de protección de incendios, verificando a existencia de equipos de extinción, a sinalización de emerxencia e a evacuación das persoas usuarias.

c) Probas de funcionamento: unha vez que a atracción se atopa totalmente instalada e con subministración eléctrica, deben realizarse as probas de funcionamento dos sistemas de seguridade e bloqueo, da parada de emerxencia, do alumeado de emerxencia, do grupo electrógeno e das condicións de evacuación.



d) Competencia do persoal das atraccións: cada atracción, mentres permaneza en funcionamento, deberá estar sempre baixo o control directo dun operador principal, maior de idade e con coñecemento suficiente do funcionamento da atracción, sen prexuízo da existencia doutros operadores auxiliares. Esta persoa será a responsable de que se respecten as normas de acceso á atracción por parte das persoas usuarias, así como do manexo da atracción consonte o disposto no seu manual de funcionamento. As funcións de inspección e comprobación deben abranguer a identificación do operador principal así como dos operadores auxiliares, se os houber.

e) Requisitos de acceso: cada atracción debe colocar, nun lugar visible ao público e perfectamente lexible, un cartel indicativo dos requisitos de acceso que inclúa as limitacións de altura, peso ou idade das persoas usuarias, a necesidade de que as persoas menores accedan ou non acompañados, así como os riscos para grupos específicos de persoas como as embarazadas, as que teñan problemas cardíacos, ou calquera outro impedimento físico ou psíquico incompatibles coa intensidade ou características da atracción. As funcións de inspección e comprobación deben acreditar a existencia do dito cartel en cada unha das atraccións.

Sección cuarta.- Réxime de seguros dos espectáculos públicos e das actividades recreativas

Artigo 10. *Seguros*

De conformidade co artigo 8.1 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, as persoas titulares dos establecementos abertos ao público ou organizadoras de espectáculos



públicos e actividades recreativas, segundo o caso, están obrigadas a dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil.

Artigo 11. *Capitais mínimos asegurables*

1. Os capitais mínimos que deberán cubrir, no seu conxunto, as pólizas de seguro de responsabilidade civil terán as contías seguintes:

a) Establecementos abertos ao público enumerados nas epígrafes III.1 e III.2 do catálogo que se insire como anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia:

1º) Con capacidade ata 100 persoas: 300.000 euros de capital mínimo asegurado.

2º) Con capacidade entre 101 e 150 persoas: 400.000 euros de capital mínimo asegurado.

3º) Con capacidade entre 151 e 300 persoas: 600.000 euros de capital mínimo asegurado.

4º) Con capacidade entre 301 e 500 persoas: 750.000 euros de capital mínimo asegurado.

5º) Con capacidade entre 501 e 1.000 persoas: 900.000 euros de capital mínimo asegurado.



6º) Con capacidade entre 1.001 e 1.500 persoas: 1.200.000 euros de capital mínimo asegurado.

7º) Con capacidade entre 1.501 e 2.500 persoas: 1.600.000 euros de capital mínimo asegurado.

8º) Con capacidade entre 2.501 e 5.000 persoas: 2.000.000 euros de capital mínimo asegurado.

b) Espectáculos públicos enumerados na epígrafe I do catálogo que se insire como anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, que se desenvolvan en espazos ao aire libre delimitados:

1º) Con capacidade ata 100 persoas: 200.000 euros de capital mínimo asegurado.

2º) Con capacidade entre 101 e 150 persoas: 300.000 euros de capital mínimo asegurado.

3º) Con capacidade entre 151 e 300 persoas: 500.000 euros de capital mínimo asegurado.

4º) Con capacidade entre 301 e 500 persoas: 600.000 euros de capital mínimo asegurado.

5º) Con capacidade entre 501 e 1.000 persoas: 700.000 euros de capital mínimo asegurado.

6º) Con capacidade entre 1.001 e 1.500 persoas: 1.000.000 euros de capital mínimo asegurado.



7º) Con capacidade entre 1.501 e 2.500 persoas: 1.200.000 euros de capital mínimo asegurado.

8º) Con capacidade entre 2.501 e 5.000 persoas: 1.500.000 euros de capital mínimo asegurado.

c) Espectáculos públicos enumerados na epígrafe I do catálogo que se insire como anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, que se desenvolvan en espazos ao aire libre non delimitados:

1º) Con previsión de asistencia de ata 100 persoas: 100.000 euros de capital mínimo asegurado.

2º) Con previsión de asistencia entre 101 e 150 persoas: 200.000 euros de capital mínimo asegurado.

3º) Con previsión de asistencia entre 151 e 300 persoas: 400.000 euros de capital mínimo asegurado.

4º) Con previsión de asistencia entre 301 e 500 persoas: 500.000 euros de capital mínimo asegurado.

5º) Con previsión de asistencia entre 501 e 1.000 persoas: 600.000 euros de capital mínimo asegurado.

6º) Con previsión de asistencia entre 1.001 e 1.500 persoas: 700.000 euros de capital mínimo asegurado.

7º) Con previsión de asistencia entre 1.501 e 2.500 persoas: 1.000.000 euros de capital mínimo asegurado.



8º) Con previsión de asistencia entre 2.501 e 5.000 persoas: 1.200.000 euros de capital mínimo asegurado.

d) Actividades recreativas enumeradas na epígrafe II do catálogo que se insire como anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, sempre que se desenvolvan en espazos ao aire libre delimitados:

1º) Con capacidade ata 100 persoas: 200.000 euros de capital mínimo asegurado.

2º) Con capacidade entre 101 e 150 persoas: 300.000 euros de capital mínimo asegurado.

3º) Con capacidade entre 151 e 300 persoas: 500.000 euros de capital mínimo asegurado.

4º) Con capacidade entre 301 e 500 persoas: 600.000 euros de capital mínimo asegurado.

5º) Con capacidade entre 501 e 1.000 persoas: 700.000 euros de capital mínimo asegurado.

6º) Con capacidade entre 1.001 e 1.500 persoas: 1.000.000 euros de capital mínimo asegurado.

7º) Con capacidade entre 1.501 e 2.500 persoas: 1.200.000 euros de capital mínimo asegurado.

8º) Con capacidade entre 2.501 e 5.000 persoas: 1.500.000 euros de capital mínimo asegurado.



e) Actividades recreativas enumeradas na epígrafe II do catálogo que se insire como anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, que se desenvolvan en espazos ao aire libre non delimitados:

1º) Con previsión de asistencia de ata 100 persoas: 100.000 euros de capital mínimo asegurado.

2º) Con previsión de asistencia entre 101 e 150 persoas: 200.000 euros de capital mínimo asegurado.

3º) Con previsión de asistencia entre 151 e 300 persoas: 400.000 euros de capital mínimo asegurado.

4º) Con previsión de asistencia entre 301 e 500 persoas: 500.000 euros de capital mínimo asegurado.

5º) Con previsión de asistencia entre 501 e 1.000 persoas: 600.000 euros de capital mínimo asegurado.

6º) Con previsión de asistencia entre 1.001 e 1.500 persoas: 700.000 euros de capital mínimo asegurado.

7º) Con previsión de asistencia entre 1.501 e 2.500 persoas: 1.000.000 euros de capital mínimo asegurado.

8º) Con previsión de asistencia entre 2.501 e 5.000 persoas: 1.200.000 euros de capital mínimo asegurado.

2. Cando a capacidade ou a previsión de asistencia supere os límites establecidos no número 1 deste artigo, a cantidade mínima de capital asegurado incrementarase



en 60.000 euros por cada 1.000 persoas ou fracción de capacidade ou previsión de asistencia superior a 5.000 persoas, ata chegar a 6.000.000 de euros.

3. A previsión de asistencia calcularase polo órgano competente para outorgar a autorización ou licenza ou validar a declaración responsable relativa ao espectáculo público ou a actividade recreativa, con carácter previo ao outorgamento da autorización ou licenza ou, de ser o caso, no momento da validación da declaración responsable.

Para o cálculo da previsión de asistencia terase en conta o número de asistentes ao espectáculo público ou á actividade recreativa en ocasións anteriores, o número de participantes no dito espectáculo ou actividade e os datos que para o efecto poida achegar a persoa organizadora. No caso de que exista venda de entradas ou reserva de prazas, terase en conta o seu número para realizar o cálculo.

4. As administracións públicas, os seus organismos autónomos, as entidades de dereito público dependentes ou vinculadas a elas, así como as demais entidades integrantes do sector público que organicen espectáculos públicos ou actividades recreativas, deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cumpra os límites establecidos no número 1 deste artigo.

5. No caso de instalacións ou estruturas eventuais, portátiles ou desmontables que se utilicen con ocasión de feiras ou atraccións en espazos abertos ao público, o capital mínimo asegurado será de 150.000 euros por cada instalación ou estrutura.



A persoa propietaria ou arrendataria da instalación ou da estrutura está obrigada a contratar a póliza de seguro de responsabilidade civil.

6. Se as instalacións ou estruturas ás que fai referencia o número 5 deste artigo se utilizan conxuntamente nun espazo delimitado e son obxecto dunha única solicitude de autorización, licenza ou declaración responsable, débese subscribir unha única póliza de seguro de responsabilidade civil conxunta para todas as estruturas ou instalacións, cuxo capital mínimo asegurado será o establecido no número 1, letra d), deste artigo.

Artigo 12. Coeficientes correctores

Cando as características ou circunstancias específicas dun establecemento aberto ao público ou dun espectáculo ou actividade recreativa non comporten un risco especial para as persoas ou os bens, o órgano competente para outorgar a licenza ou a autorización, ou aquel ante o que se presenta a declaración responsable, mediante un informe motivado, pode determinar a aplicación dun coeficiente reductor ás contías mínimas do artigo anterior ata un máximo dun 30%.

Artigo 13. Acreditación do seguro de responsabilidade civil

1. A contratación do seguro de responsabilidade civil acreditarase mediante a exhibición dun exemplar da póliza, no que figuren as cláusulas xerais e particulares que reflicten a cobertura e o capital asegurado, xunto co recibo de



pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou de copia deles.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, a contratación do seguro de responsabilidade civil tamén poderá acreditarse mediante unha certificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros, que deberá ter o contido mínimo seguinte:

- a) A identificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros e da persoa que actúe na súa representación.
- b) O número da póliza de seguro.
- c) A mención expresa á cobertura de responsabilidade civil e á vixencia temporal do seguro.
- d) A identificación do espectáculo público ou da actividade recreativa e do establecemento ou espazo aberto ao público onde se celebren.
- e) O municipio onde se localice o establecemento ou espazo aberto ao público onde se vaia celebrar o espectáculo público ou a actividade recreativa.
- f) A data e a hora da celebración do espectáculo público ou da actividade recreativa.
- g) A mención expresa ao aseguramento do establecemento ou espazo aberto ao público ou do espectáculo público ou actividade recreativa.
- h) A contía do capital asegurado e da franquía, de ser o caso.
- i) A data e a sinatura da persoa que expida o certificado.



Artigo 14. Festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños/as ou por comisións de festas

1. As agrupacións ou asociacións de veciños/as ou as comisións de festas que organicen festas e verbenas populares deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil cunha contía mínima de capital asegurado de 200.000 euros.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, o resto de participantes na festa ou verbena popular, como as orquestras ou as persoas titulares de instalacións eventuais, portátiles ou desmontables, entre outros, deberán contratar as súas pólizas de seguro de responsabilidade civil específicas para o desenvolvemento das súas actividades respectivas, nos termos previstos no artigo 11.

3. Ás festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños/as ou por comisións de festas non lles será de aplicación o disposto nos artigos 19.5, 19.6 e 20.

Sección quinta.- Asistencia sanitaria e dispositivos de vixilancia

Artigo 15. Espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos abertos ao público



1. Os espectáculos públicos e as actividades recreativas en espazos abertos ao público cunha capacidade inferior a 1.000 persoas deberán dispoñer dunha caixa de primeiros auxilios, debidamente sinalizada e coa dotación axeitada para atender os sinistros que puideran producirse.
2. A caixa de primeiros auxilios estará dotada, como mínimo, do material seguinte: desinfectantes e antisépticos autorizados, gasas estériles, algodón hidrófilo, vendas, esparadrapo, apósitos adhesivos, tesoiras, pinzas e luvas desbotables. Este material revisarase periodicamente e, en todo caso, comprobarase antes de comezar cada espectáculo público ou actividade recreativa que non falta ningún destes elementos, reponéndose calquera material que falte ou estea caducado.
3. Os espectáculos públicos e as actividades recreativas en espazos abertos ao público cunha capacidade entre 1.000 e 2.000 persoas e que non estean obrigados a dispoñer dun servizo de enfermería, axeitarán un lugar debidamente sinalizado para prestar os primeiros auxilios e calquera posible atención sanitaria. Así mesmo, dispoñerán dunha persoa con coñecementos acreditados en asistencia sanitaria inmediata, que deberá estar preparada para a súa intervención durante todo o tempo que se desenvolva o espectáculo ou a actividade.
4. Sen prexuízo da normativa específica que, de ser o caso, resulte aplicable, deberá dispoñerse dun servizo de enfermería e, polo menos, dunha persoa profesional coa titulación de enfermería durante a celebración dos espectáculos



públicos ou as actividades recreativas en espazos abertos ao público que prevexan unha asistencia de máis de 2.000 persoas.

Artigo 16. Establecementos abertos ao público

1. Os establecementos abertos ao público cunha capacidade inferior a 500 persoas deberán dispoñer dunha caixa de primeiros auxilios, debidamente sinalizada e coa dotación axeitada para atender os sinistros que puideran producirse.

2. A caixa de primeiros auxilios estará dotada, como mínimo, do material seguinte: desinfectantes e antisépticos autorizados, gasas estériles, algodón hidrófilo, vendas, esparadrapo, apósitos adhesivos, tesoiras, pinzas e luvas desbotables. Este material revisarase periodicamente e, en todo caso, comprobarase antes de comezar cada espectáculo ou actividade recreativa que non falta ningún destes elementos, reponéndose calquera material que falte ou estea caducado.

3. Os establecementos abertos ao público cunha capacidade entre 500 e 1.000 persoas e que non estean obrigados a dispoñer dun servizo de enfermería, axeitarán un lugar debidamente sinalizado para prestar os primeiros auxilios e calquera posible atención sanitaria. Así mesmo, dispoñerán dunha persoa con coñecementos acreditados en asistencia sanitaria inmediata, que deberá estar preparada para a súa intervención durante todo o tempo que o establecemento se atope aberto ou se desenvolva o espectáculo ou a actividade.



Artigo 17. *Ambulancias*

O servizo de enfermería previsto nos artigos 15.4 e 17.3 deste decreto poderá ser substituído por unha caixa de primeiros auxilios e a presenza dun servizo de ambulancias, consonte os criterios seguintes e de conformidade co disposto no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario:

- a) En espazos abertos ao público se a previsión de asistencia é de 2.000 a 5.000 persoas, poderase suplir coa presenza dunha ambulancia de tipo B.
- b) O servizo de ambulancias deberá estar dispoñibles de xeito permanente desde unha hora antes do comezo do espectáculo ou da actividade ou da apertura do establecemento aberto ao público e ata a súa finalización ou peche, respectivamente.
- c) Cando un espectáculo público ou actividade recreativa dispoña dun servizo de ambulancias que se vexa na obriga de efectuar unha evacuación, deberá repoñerse inmediatamente a súa dotación. Ata a reposición da dotación deberá estar dispoñible unha persoa con coñecementos en primeiros auxilios.

Artigo 18. *Asistencia sanitaria en espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público que requiran de plan de autoprotección*

1. No suposto de espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos abertos ao público delimitados e con previsión de asistencia superior a 5.000 persoas aplicarase o disposto na normativa reguladora dos plans de autoprotección.



2. No suposto de espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos abertos ao público non delimitados con previsión de asistencia superior a 10.000 persoas estarase ao disposto na normativa reguladora dos plans de autoprotección.

3. Nos establecementos abertos ao público con capacidade superior a 1.000 persoas estarase ao disposto na normativa reguladora dos plans de autoprotección.

4. No suposto de instalacións pechadas desmontables con capacidade superior a 1.500 persoas estarase ao disposto na normativa reguladora dos plans de autoprotección.

Artigo 19. Dispositivos de vixilancia

1. Os espectáculos públicos e as actividades recreativas que se realicen tanto en establecementos abertos ao público como en espazos abertos ao público deberán dotarse de persoal suficiente ou sistemas tecnolóxicos adecuados para a identificación das emerxencias e garantir o aviso aos servizos públicos de intervención, así como contar cun plan de emerxencia nos supostos en que a normativa de aplicación así o exixa.

2. Os espectáculos públicos e as actividades recreativas con previsión de asistencia superior a 2.000 persoas deberán dispoñer do persoal necesario para a prevención e



identificación das emerxencias por aglomeracións e para garantir unha evacuación ordenada ou un confinamento, se fose necesario.

3. Cando o espectáculo público ou a actividade recreativa teña unha previsión de asistencia de público superior a 5.000 persoas, tanto en establecementos como en espazos abertos ao público, estean ou non delimitados, será condición indispensable para a súa celebración a constitución dun posto de mando avanzado que garanta o mando único e a coordinación dos servizos públicos e privados de intervención, seguridade e sanitarios, e estea en permanente contacto co Centro Integrado de Atención ás Emerxencias, CIAE-112, no caso dunha emerxencia. Así mesmo, a persoa organizadora do espectáculo público ou a actividade recreativa deberá comunicar a Axencia Galega de Emerxencias a súa realización cunha antelación mínima dun mes.

4. Cando o espectáculo público ou a actividade recreativa que se desenvolva en espazos abertos ao público conte cunha previsión de asistencia de entre 2.000 e 5.000 persoas, a persoa organizadora deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal e das persoas asistentes, designando para iso o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas e comprobando o seu correcto funcionamento. A persoa encargada destas medidas deberá estar, en todo momento, presente durante a celebración do espectáculo público ou actividade recreativa, coordinando e supervisando calquera situación deste tipo que poida producirse.



5. En todo caso, en espectáculos públicos ou actividades recreativas nas que os asistentes se atopen sentados, exixirase, como mínimo, un vixilante de seguridade por cada 1.000 asistentes. Nos espectáculos públicos ou actividades recreativas nas que os asistentes se atopen de pé, exixirase, como mínimo, un vixilante de seguridade por cada 1.000 asistentes, aumentándose a ratio, como mínimo, a 2 vixilantes por cada 1.000 asistentes, a partir dos 2.000 primeiros.

6. Nos espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos abertos ao público establecerase a seguinte porcentaxe mínima de vías de circulación para o acceso dos espectadores:

- a) Con capacidade igual ou inferior a 500 persoas: 1 vía de circulación.
- b) Con capacidades entre 501 e 1.000 persoas: 2 vías de circulación.
- c) Con capacidades superiores a 1.000 persoas: 4 vías de circulación.

Artigo 20. *Aseos*

1. Os espectáculos públicos e as actividades recreativas en espazos abertos ao público con capacidade igual ou inferior a 500 persoas e de máis de 90 minutos de duración, deberán dispoñer de 3 aseos e un deles adaptado a persoas con mobilidade reducida.



2. Os espectáculos públicos e as actividades recreativas en espazos abertos ao público con capacidade entre 501 e 1.000 persoas e máis de 90 minutos de duración, deberán dispoñer de 4 aseos e un deles adaptado a persoas con mobilidade reducida.

3. Os espectáculos públicos e as actividades recreativas en espazos abertos ao público con capacidade superior a 1.001 persoas e duración superior a 90 minutos, deberán dispoñer dun aseo adicional por cada franxa de 2.000 persoas.

TÍTULO II

Aspectos xerais da organización e do desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas

CAPÍTULO I

Condicións de admisión e permanencia

Artigo 21. Exercicio do dereito de admisión

1. O dereito de admisión exercerase de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 10/2017, do 27 de decembro.



2. As persoas titulares dos establecementos abertos ao público e as persoas organizadoras dos espectáculos públicos e das actividades recreativas que establezan condicións especiais de admisión, deberán dispoñer de follas de reclamación para que as persoas usuarias poidan formalizar as queixas que, de ser o caso, se produzan no exercicio do dereito de admisión.

3. No suposto de que a persoa usuaria considere que a queixa non foi atendida de xeito satisfactorio, poderá remitirle a folla de reclamación ao concello onde estea situado o establecemento aberto ao público ou se celebre o espectáculo público ou a actividade recreativa, por se os feitos reflectidos nela puideran ser constitutivos da infracción tipificada no artigo 33.b) da Lei 10/2017, do 27 de decembro.

Artigo 22. Aprobación e visado das condicións especiais de admisión

1. A persoa titular do establecemento aberto ao público ou a persoa organizadora do espectáculo público e da actividade recreativa que pretenda establecer condicións especiais de admisión, deberá solicitar a súa aprobación e visado ao órgano competente do concello onde estea situado o establecemento aberto ao público ou se celebre o espectáculo público ou a actividade recreativa, cunha antelación dun mes á data en que pretenda facelas efectivas.

2. A persoa interesada deberá achegar, xunto coa solicitude, unha copia do cartel no que consten as condicións especiais de admisión que pretenda establecer. No dito cartel deberán figurar os datos seguintes:



a) O nome do establecemento aberto ao público e a actividade que se pode desenvolver nel consonte a súa habilitación municipal ou, de ser o caso, o nome do espectáculo público ou da actividade recreativa.

b) O enderezo do establecemento aberto ao público ou, de ser o caso, o lugar de celebración do espectáculo público ou da actividade recreativa.

c) O nome ou razón social da persoa titular do establecemento aberto ao público ou da persoa organizadora do espectáculo público ou da actividade recreativa.

d) A referencia expresa ás condicións de entrada no establecemento aberto ao público ou no espectáculo público ou na actividade recreativa. En todo caso, deberase facer constar a expresión “Reservado o dereito de admisión”.

3. No suposto de que o texto suxeito á aprobación e visado non respecte os requisitos e límites establecidos para o exercicio do dereito de admisión no artigo 13 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, o órgano competente do concello, no prazo de 15 días desde a presentación da solicitude, requirirá á persoa interesada para que emende os defectos observados. A persoa interesada disporá de 10 días hábiles para presentar ante o concello o novo texto íntegro do cartel coas modificacións ou correccións introducidas.

4. O prazo máximo en que o órgano competente do concello debe notificar a resolución expresa deste procedemento é de dez días hábiles. O vencemento do prazo lexítima á persoa interesada para entender estimada a solicitude por silencio administrativo.



Artigo 23. Modificación das condicións especiais de admisión

Calquera modificación das condicións especiais de admisión debidamente visadas, deberá comunicárselle, con carácter previo, ao órgano competente do concello para os efectos da súa aprobación e visado, consonte o procedemento establecido no artigo anterior.

Artigo 24. Información e publicidade das condicións especiais de admisión

As condicións especiais de admisión, logo da súa aprobación e visado, deberán cumprir os requisitos establecidos nos artigos 19 e 20 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, no que atinxe, respectivamente, á información nos establecementos abertos ao público e á publicidade dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Artigo 25. Ineficacia das condicións especiais de admisión

As condicións especiais de admisión que non teñan a aprobación e o visado do órgano competente do concello non producirán efecto ningún.

CAPÍTULO II

Réxime de horarios

Artigo 26. Horarios



O horario dos establecementos abertos ao público e dos espectáculos públicos e das actividades recreativas axustarase ao disposto na Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

CAPÍTULO III

Entradas

Artigo 27. Definicións

Para os efectos deste decreto, entenderase por:

- a) Entrada: o billete expedido pola persoa organizadora que outorga o dereito a contemplar un espectáculo público, a acceder a un establecemento aberto ao público ou a participar nunha actividade recreativa, consonte o disposto na dita entrada, e que se esgota unha vez finalizado o espectáculo ou actividade ou polo tempo de celebración especificado na entrada.
- b) Abono: o título expedido pola persoa organizadora que outorga a unha persoa con carácter nominativo o dereito a acceder ao establecemento ou espazo aberto ao público onde se celebren os espectáculos públicos ou actividades recreativas durante un período determinado.



Artigo 28. Dereitos e obrigas das persoas posuidoras de entradas ou abonos

As persoas posuidoras dunha entrada ou abono, nos termos expresados no artigo anterior, terán os dereitos e as obrigas que lles correspondan como público, de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 10/2017, do 27 de decembro.

Artigo 29. Contido das entradas

As entradas deben ter o contido mínimo especificado no artigo 18 da Lei 10/2017, do 27 de decembro.

Artigo 30. Prezo das entradas

1. A persoa organizadora poderá determinar libremente o prezo da entrada ou abono sen que, en ningún caso, poida establecer prezos diferentes por razón da orixe ou lugar de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social das persoas usuarias.

Porén, poderanse aplicar medidas de acción positiva en relación coas persoas, con discapacidade para asegurar que poidan acceder, participar e desfrutar dos espectáculos públicos ou actividades recreativas en igualdade de condicións que as demais persoas. Tamén se poderán establecer descontos para colectivos determinados de persoas como poden ser as familias numerosas.



2. A persoa organizadora poderá determinar a idade a partir da cal deba pagarse entrada ou abono. A admisión de persoas sen entrada ou abono por razón da súa idade, non eximirá da obriga de expedir un título habilitante para o acceso ao establecemento ou espazo aberto ao público onde se celebre o espectáculo público ou actividade recreativa e poida contabilizarse para os efectos do cálculo da capacidade máxima.

Con independencia de que a persoa sexa posuidora dunha entrada, un abono ou un título habilitante será contada para os efectos do cálculo da capacidade máxima.

3. Non se pode cobrar polas entradas ou abonos un prezo superior ao anunciado na publicidade do espectáculo público ou actividade recreativa, sen prexuízo do disposto para a venda comisionada con recargo.

Artigo 31. *Venda de entradas*

1. A venda de entradas para espectáculos públicos ou actividades recreativas unicamente poderá realizarse se o establecemento ou espazo aberto ao público dispón do título habilitante para a celebración do espectáculo ou actividade.

2. Se o espectáculo público ou a actividade recreativa precisa dunha autorización específica, non poderán poñerse á venda as entradas ata que se teña realizado a solicitude de autorización. Se o espectáculo ou a actividade non se autoriza, devolverase o importe das entradas consonte o previsto neste regulamento.



3. As invitacións para un espectáculo público ou actividade recreativa non poderán ser, en ningún caso, obxecto de venda, nin realizarse atendendo a criterios discriminatorios de orixe ou lugar de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social das persoas usuarias. Porén, poderanse aplicar medidas de acción positiva en relación coas persoas con discapacidade para asegurar que poidan acceder, participar e desfrutar dos espectáculos ou actividades en igualdade de condicións que as demais persoas.

4. O número de entradas, abonos, invitacións ou títulos habilitantes para asistir ao espectáculo público ou á actividade recreativa non poderá superar, en ningún caso, a capacidade máxima do establecemento ou espazo aberto ao público onde se celebre o espectáculo público ou a actividade recreativa.

Artigo 32. *Canles de venda*

1. A persoa organizadora debe identificar as canles e os puntos de venda presenciais, telefónicos ou telemáticos que se utilicen para a venda de entradas directamente ao público, sexa pola propia persoa organizadora ou a través de empresas dedicadas á venda de entradas.

2. As canles de venda deben ser totalmente accesibles. As prazas reservadas para persoas con discapacidade tamén poderán adquirirse pola internet sempre que se acredite tal condición no proceso de venda.

Artigo 33. *Puntos de venda*



1. As entradas poderanse expedir no mesmo establecemento aberto ao público onde teña lugar o espectáculo público ou a actividade recreativa ou noutros diferentes pertencentes á mesma persoa organizadora ou a distinta empresa. No suposto de que a venda se efectúe no mesmo establecemento, o despacho das entradas deberá estar aberto polo tempo necesario e coa suficiente antelación ao comezo do espectáculo ou da actividade.
2. A persoa organizadora habilitará os puntos de venda que resulten necesarios en relación co número de localidades para o seu rápido despacho ao público e evitar aglomeracións.
3. Os devanditos puntos de venda deberán estaren abertos ao público polo tempo necesario e coa suficiente antelación ao comezo do espectáculo público ou a actividade recreativa coa finalidade de que todas as persoas espectadoras ou participantes poidan desfrutar da integridade do espectáculo ou a actividade.

Artigo 34. *Venda telemática*

1. A venda telemática de entradas deberá cumprir a normativa reguladora do comercio electrónico. En todo caso, a venda por este medio deberá efectuarse de xeito que se garanta a confidencialidade dos datos persoais e bancarios da persoa usuaria.
2. Non se admitirá a compra de entradas mediante o uso de programas informáticos cando o proceso de compra poida efectuarse usando unha rede ou servizo de



comunicación electrónica e a oferta estea suxeita a condicións que limiten o número de entradas que poidan ser adquiridas por unha sola persoa compradora, coa finalidade de manter a integridade da venda directa ao público.

3. A venda telemática de entradas por empresa diferente da persoa organizadora e cun recargo sobre o prezo da entrada terá o carácter de venda comisionada. Na páxina web ou plataforma deberá figurar, en lugar visible e destacado, que se trata de vendas comisionadas, indicándose tamén o importe do recargo aplicado. En todo caso, estas comisións serán proporcionadas e non abusivas.

4. De conformidade co disposto no artigo 18.5 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, a venda de entradas entre particulares unicamente poderá realizarse sen recargo e por prezo non superior ao establecido.

5. De se cumpriren os requisitos sinalados no número anterior, a venda tamén poderá realizarse mediante a intermediación dunha empresa dedicada a esta actividade. A empresa poderá cobrar os gastos de xestión, sempre que estean fixados e publicados con anterioridade á venda das entradas, que sexan proporcionados e non abusivos e que non consistan nunha porcentaxe sobre a entrada.

Artigo 35. *Venda comisionada autorizada*

1. A persoa organizadora poderá contratar a venda de entradas ou abonos a través doutras empresas dedicadas a esta actividade, sen necesidade de control previo da



Administración, sempre que se realice ao seu prezo establecido sen recargo para a persoa usuaria de comisións ou gastos de xestión e distribución.

2. A venda ao público de entradas ou abonos con recargo sobre o prezo oficial tanto en establecementos abertos ao público con título habilitante, como a través de páxinas web, deberá contar coa autorización previa do órgano ao que lle corresponda outorgar o título habilitante que proceda se o recargo máximo é do 20% sobre o prezo oficial e existe un acordo entre a persoa organizadora e a empresa comisionista que, polo menos, especifique:

- a) Os espectáculos públicos ou actividades recreativas para as que se establece ou, de ser o caso, o tempo durante o cal a empresa comisionista venderá as entradas dos ditos espectáculos ou actividades.
- b) O número de entradas que se van vender, ou a porcentaxe de entradas que se venderán por esta vía no caso de que o acordo sexa para máis dun evento.
- c) A porcentaxe de recargo sobre o prezo oficial.
- d) O réxime acordado entre as partes para o caso das cancelacións e reembolsos.

3. A solicitude presentarase pola persoa organizadora ante o órgano competente para a súa resolución de forma illada ou xunto coa solicitude de licenza municipal, autorización, comunicación previa ou declaración responsable do establecemento aberto ao público, espectáculo público ou actividade recreativa de que se trate. A solicitude poderá referirse a todos ou a algún dos espectáculos públicos ou actividades recreativas organizadas pola mesma persoa durante un período de tempo.



Xunto coa solicitude achegarase unha copia dos acordos subscritos coas empresas comisionistas.

O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa deste procedemento é de dez días hábiles. O vencemento do prazo lexitima á persoa interesada para entender estimada a solicitude por silencio administrativo.

4. Nas entradas ou abonos que se adquiran por venda comisionada deberá facerse constar esta circunstancia mediante un selo coa expresión “Venda comisionada” e, así mesmo, deberá figurar o seu prezo inicial e final.

Artigo 36. *Venda prohibida*

1. Queda prohibida a revenda con recargo, a venda comisionada non autorizada consonte o artigo anterior, así como a venda encuberta de entradas ou abonos.

2. Considérase venda encuberta de entradas ou abonos aquela na que a persoa ou empresa vendedora a oculta baixo unha aparente oferta como venda principal de artigos ou obxectos referidos ou non ao espectáculo público ou actividade recreativa, achegando as entradas como algo accesorio ou gratuíto.

3. Con carácter previo á apertura do expediente sancionador que proceda, poderase adoptar como medida cautelar a intervención e o depósito das entradas ou abonos e dos ingresos procedentes da revenda, da venda comisionada non autorizada consonte o artigo anterior, ou da venda encuberta.



Artigo 37. *Abonos*

1. Con carácter previo á venda dun abono, a persoa organizadora deberá informar, polo miúdo, á persoa usuaria sobre os dereitos e deberes inherentes á súa adquisición e, nomeadamente:

- a) Establecementos ou espazos abertos ao público que ten dereito a utilizar e por canto tempo.
- b) Espectáculos públicos ou actividades recreativas ás que dá dereito o abono.
- c) Se o abono dá dereito a acceder a unha localidade concreta ou se, pola contra, cómpre cambialo por unha localidade en cada espectáculo público ou actividade recreativa.
- d) Descontos ou aforro que supón o abono.
- e) Carácter intransferible ou condicións de transmisión do uso do abono por outra persoa.

2. A persoa organizadora deberá levar un rexistro informático de persoas abonadas, que estará a disposición do persoal que exerza funcións de inspección e no que, como mínimo, deberán facerse constar os datos seguintes:

- a) Nome e apelidos, ou denominación social, da persoa titular.
- b) Número de Identificación Fiscal da persoa titular do abono.
- c) Domicilio da persoa titular do abono.
- d) De ser o caso, identificación individualizada da localidade abonada mediante o



seu número de fila e asento.

Artigo 38. *Cancelacións e reembolsos*

1. A persoa usuaria ten dereito á devolución do prezo da entrada, logo da reclamación e de acordo coas condicións de venda, nos supostos seguintes:

a) Cando, antes do seu comezo, se produza a cancelación, suspensión ou cambio das datas do espectáculo público ou da actividade recreativa.

b) Cando non se puidera entrar e desfrutar do espectáculo público ou da actividade recreativa, ou non se puidera facelo en condicións de accesibilidade, igualdade e inclusión, por causas imputables á persoa organizadora, sexa por unha organización defectuosa do espectáculo ou da actividade ou por falta de previsión acreditada no acceso ordenado ao establecemento ou espazo aberto ao público.

c) Cando non estivese conforme coa modificación substancial disposta pola persoa organizadora do espectáculo público ou da actividade recreativa, sempre que se desvirtúe a natureza, identidade, características principais ou os artistas, intérpretes ou executantes principais do espectáculo ou actividade programada, agás que xa comezara ou a variación fora por causa de forza maior.

2. Se o espectáculo público ou a actividade recreativa se suspende de xeito sobrevido, unha vez iniciado, a persoa usuaria terá dereito á devolución do importe da súa entrada, sempre que a suspensión non fora por causa de forza maior ou non teña transcorrido un terzo do tempo previsto do espectáculo ou da actividade programados.



No suposto de que estivera previsto continuar o espectáculo público o a actividade recreativa suspendidos, na mesma data da inicialmente prevista, a persoa usuaria non terá dereito á devolución, sendo válida a entrada adquirida ou, de ser o caso, aquela que a substitúa.

CAPÍTULO IV

Información e publicidade

Artigo 39. Carteis informativos nos establecementos abertos ao público

1. No acceso aos establecementos abertos ao público comprendidos no ámbito de aplicación deste regulamento deberá expoñerse, nun lugar visible ao público e perfectamente lexible, un cartel informativo, consonte o disposto no Anexo I, no que se especifique o nome do establecemento e a actividade que se pode desenvolver nel, consonte a habilitación municipal da que dispoña e de conformidade coa clasificación, denominación e definición que se establece no catálogo que se insire como anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.
2. Ademais do reflectido no número anterior, no cartel deberá constar, nos dous idiomas oficiais de Galicia, como mínimo, a información seguinte:



- a) Os espectáculos públicos ou actividades recreativas incluídos na licenza municipal, declaración responsable, comunicación previa ou, de ser o caso, autorización autonómica.
- b) O horario de apertura e peche.
- c) A capacidade máxima.
- d) A prohibición de entrada ás persoas menores de idade, de conformidade coa lexislación vixente.
- e) As condicións especiais de admisión, no caso de existiren, determinadas de acordo co previsto no artigo 13 da Lei 10/2017, do 27 de decembro.
- f) O número de decibelios permitido.

3. Nos establecementos comerciais de carácter colectivo regulados pola Lei 10/2013, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, o cartel informativo deberá colocarse en cada un dos establecementos abertos ao público integrantes, sempre que estean suxeitos ao ámbito de aplicación deste regulamento.

4. Con independencia da obrigatoriedade do cartel informativo ao que fai referencia este artigo, nos establecementos abertos ao público deberá constar en lugar visible ao público e perfectamente lexible e nos dous idiomas de Galicia, a información que consta no artigo 19 da Lei 10/2017, do 27 de decembro.

Artigo 40. *Publicidade*

A publicidade da celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas deberá axustarse ao disposto no artigo 20 da Lei 10/2017, do 27 de decembro.



TÍTULO III

Rexistro de empresas e establecementos

Artigo 41. Finalidade do rexistro

1. Consoante o disposto no artigo 11 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, créase o rexistro público de empresas e establecementos dedicados á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aquelas instalacións de titularidade pública que sexan susceptibles de ser utilizadas para o desenvolvemento de espectáculos públicos e/ou actividades recreativas.
2. A finalidade do rexistro será meramente informativa e declarativa polo que, en ningún caso, será necesaria a resposta, a confirmación ou a inscrición efectiva neste rexistro para poder exercer a actividade.
3. O rexistro será xestionado pola consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Artigo 42. Inscrición no rexistro

Serán obxecto de inscrición:

- a) As empresas dedicadas ao desenvolvemento de espectáculos públicos e/ou actividades recreativas.



b) Os establecementos dedicados ao desenvolvemento de espectáculos públicos e/ou actividades recreativas.

c) As instalacións de titularidade pública que sexan susceptibles de ser utilizadas para o desenvolvemento de espectáculos públicos e/ou actividades recreativas.

Artigo 43. *Estrutura do rexistro*

O rexistro estrutúrase nas seguintes seccións:

Sección I.- Empresas dedicadas ao desenvolvemento de espectáculos públicos e/ou actividades recreativas

Sección II.- Establecementos dedicados ao desenvolvemento de espectáculos públicos e/ou actividades recreativas

Sección III.- Instalacións de titularidade pública que sexan susceptibles de seren utilizadas para o desenvolvemento de espectáculos públicos e/ou actividades recreativas.

Artigo 44. *Código de rexistro*

O código de rexistro será outorgado pola Comunidade Autónoma de Galicia a cada empresa, establecemento ou instalación pública e a súa estrutura será XXXX-ZZZ-YYY, sendo:



- a) XXXX: o número consecutivo outorgado.
- b) ZZZ: as siglas que identifican á Comunidade Autónoma (GAL).
- c) YYY: as siglas que identifican á sección na que se inscribe.

Artigo 45. Datos a inscribir

1. Na Sección I constarán os seguintes datos:

- a) Nome ou razón social da empresa.
- b) NIF.
- c) Domicilio social.
- d) Representante.
- e) Actividade que desenvolve.

2. Na sección II constarán os seguintes datos:

- a) Nome do establecemento.
- c) Identificación do titular do establecemento.
- d) Enderezo do establecemento.
- e) Actividade que desenvolve.

3. Na sección III constarán os seguintes datos:

- a) Nome da instalación.
- b) Administración ou organismo titular.
- c) Enderezo da instalación.



d) Espectáculo público ou actividade recreativa que podería desenvolver.

Artigo 46. *Solicitudes e comunicacións*

1. A inscrición na Sección I farase por solicitude da empresa interesada axustándose ao modelo que figura como Anexo II.

2. A inscrición na Sección II farase de oficio polo órgano autonómico de dirección competente na materia, logo da remisión, por parte dos concellos correspondentes de copia da licenza, declaración responsable ou comunicación previa que habilite ao establecemento para o exercicio da actividade.

3. A inscrición na Sección III farase de oficio polo órgano autonómico de dirección competente na materia, logo da comunicación efectuada pola Administración ou organismo público titular da instalación.

Artigo 47. *Tramitación*

1. Para os efectos da inscrición dos establecementos na Sección II deste rexistro, os concellos deberán remitir ao órgano autonómico de dirección competente na materia, un listado dos establecementos existentes no seu municipio cos datos que se especifican no artigo 45 e no prazo de dous meses a contar desde a entrada en vigor deste regulamento.

A partir desa primeira remisión, os concellos unicamente deberán remitir copia do título habilitante que concedan para cada novo establecemento.



2. Para os efectos da inscrición das empresas na Sección I deste rexistro, os interesados deberán remitir a solicitude no modelo que figura no Anexo II deste regulamento debidamente cuberta cos datos que se especifican no artigo 45.

3. Para os efectos da inscrición das instalacións de titularidade pública na Sección III, as administracións e organismos públicos correspondentes deberán remitir ao órgano autonómico de dirección competente na materia un listado coas instalacións da súa titularidade susceptibles de seren utilizadas para o desenvolvemento de espectáculos públicos e/ou actividades recreativas, no prazo de dous meses a contar desde a entrada en vigor deste regulamento.

Artigo 48. Modificación e cancelación da inscrición

1. Calquera modificación dos datos da inscrición farase de oficio polo propio órgano autonómico de dirección competente na materia, logo da recepción da documentación acreditativa dos cambios comunicados, feita pola empresa, polo concello ou pola administración ou organismo público correspondente.

2. A cancelación da inscrición na Sección I unicamente poderá realizarse por cese da actividade debidamente comunicado pola empresa ao órgano autonómico de dirección competente na materia utilizando o formulario que figura como Anexo III.



3. A cancelación da inscrición na Sección II farase de oficio polo órgano de dirección competente na materia logo da recepción da comunicación realizada polo correspondente concello do cese da actividade do correspondente establecemento.

4. A cancelación da inscrición na Sección III farase de oficio polo órgano autonómico de dirección competente na materia logo da recepción da comunicación efectuada, a tal efecto, pola administración ou organismo público correspondente, acreditativo do cese da dispoñibilidade do establecemento para o desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Artigo 49. Carácter do rexistro e acceso á información

1. O rexistro queda adscrito ao órgano autonómico de dirección competente na materia de espectáculos públicos.

2. O acceso a este rexistro será público e as consultas del serán gratuítas, sen prexuízo da aplicación da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e das previsións legais en materia de taxas e prezos públicos noutros trámites distintos da mera consulta.

TÍTULO IV

Rexistro de infraccións e sancións

Artigo 50. Rexistro de infraccións e sancións



1. Consonte o disposto no artigo 42 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, créase o rexistro administrativo de infraccións e sancións, en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.
2. O rexistro será xestionado pola consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Artigo 51. *Obxecto*

Neste rexistro inscribíranse todas as infraccións sancionadas por resolución firme en vía administrativa e a correspondente sanción imposta.

Artigo 52. *Organización e funcionamento*

Por orde da consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinarase a organización e o funcionamento do rexistro e o réxime de inscrición, cancelación e acceso, con suxeición á normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Autorízase á persoa titular da consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, para ditar as disposicións necesarias en desenvolvemento deste decreto.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO I

O cartel informativo do establecemento aberto ao público confeccionarase de acordo coas seguintes características e dimensións:

Tamaño 297 x 420 mm

Contido:

Na parte superior esquerda figurará o logotipo e o nome do concello

A parte central constará de tres corpos:

- No primeiro corpo constará á esquerda o nome do establecemento. Á dereita constará o tipo de actividade segundo a clasificación do Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público, así como a capacidade autorizada.



- Debaixo do anterior, figurará o segundo corpo. Á esquerda constará o horario autorizado de apertura e peche, tanto ordinario como extraordinario. As ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, deberán consignarse no cartel.
- No terceiro corpo conterase a prohibición de entrada a persoas menores de idade cando así sexa exixible, así como as condicións de admisión, establecidas pola normativa ou pola persoa titular do establecemento. Neste corpo debe constar tamén o número de decibelios permitido.